

Pingüibiblio. CRA de Oroso

---

---

# PROTOCOLO EN TEMPOS DE COVID - 19

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



*Cra De Oroso*  
**MEDRAMOS CONTIGO**



---

# INTRODUCCIÓN:

---

Neste protocolo temos varios obxectivos:


- Garantir a saúde das persoas implicadas na utilización e gozo da biblioteca.
- Crear un espazo seguro dentro das nosas posibilidades desenvolvendo medidas preventivas para que o virus non se propage e así poder facer uso da biblioteca.
- Adoptar as medidas oficiais establecidas respectando e controlando o respecto destas.
- Asegurar a continuidade da biblioteca co desenvolvemento de experiencias a través de canles dixitais.
- Coordinar e planificar as accións docentes organizativas para facilitar a labor educativa proposta dende a biblioteca.
- Ordenar e distribuir recursos entre as diferentes esolas, grupos estables de convivencia, regulando medidas hixiénicas e de corentena axeitadas.



# ADAPTAR AS INSTALACIÓNS

Para facilitar a nosa labor o equipo de biblioteca colaborará durante todo o ano na labor de limpeza e desinfección dos espazos designados como biblioteca escolar:

- Nas entradas, saídas e lugares de uso frecuentes disporase de dispensadores de hidroxel groso (non líquido).
- Haberá difusores desinfectantes e panos de papel para limpar superficies, equipos, estantes...
- Os caldeiros do lixo serán todos de pedal.
- Diariamente haberá unha desinfección profunda das bibliotecas.
- A ventilación será constante, sempre que se poida, abrindo as fiestras e portas se fose necesario.
- O equipo de biblioteca programará e coordinarase mediante medios dixitais.
- Nas bibliotecas non haberá aglomeracións de alumnado aínda que sexan grupo burbulla.
- Informarase as familias e alumnado deste novo protocolo.





## PROPOSTA ORGANIZATIVA

Para lograr ser o máis rigurosas e rigurosos posibles fixemos un cambio significativo na estrutura da nosa biblioteca:

A nosa escola é un CRA e a biblioteca central está na sede do centro e era un lugar de convivencia e relación. Pero debido aos tempos que corren e para evitar que o virus se poida propagar (prever posibles gromos), a biblioteca central só será un referente.

Cos libros e recursos que temos dispoñibles nela cada mestra levará ao seu centro materiais en préstamo para disposición do alumnado.

Dentro de cada aula haberá un espazo propio para a biblioteca adaptado especificamente para tal fin, continuando con espazos maker, préstamos, consulta, aportación de recursos...

O horario será de 09:30 a 14:30 de luns a venres.



# ACCESO E USO DA BIBLIOTECA


## OLLO O PINGÜÍN!

- O tapabocas é obrigatorio.
  - Ventilarse ó máximo tempo posible abrindo fiestras e portas cando sexa necesario e posible.
  - Antes e despois de utilizar a biblioteca temos que poñer xel nas mans.
  - Hai que respetar as distancias de seguridade.
  - Sempre obedecemos á mestra ou mestre que está con nós nese momento.
  - Non se pode utilizar material bibliográfico ou tecnolóxico sen ser previamente desinfectado antes e despois do seu uso. Esta labor será realizada polos docentes.
  - Os libros, cds, xogos... manipulados ou que viñeran de préstamo teñen que poñerse no caixón de corentena. Ao rematar o prazo o profesorado devolverao ao seu lugar.
- Nas experiencias ou actividades propostas para a biblioteca respectarás as normas anteriores.



## EMPRÉSTITOS E DEVOLUCIÓN

- As nenas e nenos poderán coller o recurso que desexen da biblioteca pero seguindo as normas anteriores.
- Á hora de devolver o levado teñen que poñelo na caixa de corentena e ninguén poderá levar o mesmo material no mesmo día.
- Poderán solicitar calquer libro ou recurso de préstamo que teña o centro, as mestras e mestres especialistas farán o traslado da sede ou de outra escola para a súa disposición.
- Cada mestra e mestre na aula levará un control dos préstamos e devolucións.
- As persoas usuarias da biblioteca poderán consultar os fondos no enderezo: <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CEG010>
- Se algún alumno ou alumna non devolve o libro nun prazo de 15 días o equipo de biblioteca poñerá en contacto coa familia. Se persiste nesta actitude ou ven estropeado, roto, deteriorado, perdido... a familia será responsable de repoñer o exemplar con un igual ou de igual valor.



## FORMACIÓN DE USUARIAS E USUARIOS

Continuarase coa formación do alumnado, profesorado e familias mediante:

- A páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/craoroso/>
- O blogue da pingüibiblio: <http://bibliocraoroso.blogspot.com/?m=1>
- E outros medios como: Instagram (<https://www.instagram.com/craoroso/>), Facebook (<https://www.facebook.com/pages/category/Education-Website/Cra-de-Oroso-103832604532652/>), Twitter (<https://twitter.com/craoroso>)

